



BANDO

MEDIDAS COVID-19 URXENTES E DE ÚLTIMA HORA

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA INFORMA QUE:

A Consellería de Sanidade publicou onte a tarde-noite unha serie de medidas de prevención específicas con restricións de nivel medio-alto, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 para o Concello de Santa Comba, que se aplicarán dende as 00:00 horas do día 17 de decembro de 2020 e que son as seguintes:

-Reunións máximo 4 persoas, agás persoas convivintes.

-No caso de agrupacións ou actividades en grupos, o número máximo será de catro persoas, sexan ou non convivintes e excluídos os monitores. Estableceranse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

Non se aplica esta limitación a actividades laborais, empresariais, profesionais, administrativas, actividades en centros educativos, universitarios, de formación e ocupación, práctica do deporte federado, respectando protocolos de seguridade e prevención.

-Peche de atraccións de feiras, actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

Limitacións

Hostalaría: Non poderá superar o 30% da súa capacidade para consumo no interior do local. As terrazas limitarán a súa capacidade ao 50% da súa ocupación total. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche será ás 17:00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local. Evitar aglomeracións.

Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición, monumentos e outros equipamentos culturais: No caso de realizarse actividades culturais nestes espazos en grupos, máximo 4 persoas, sexan ou non convivintes, excluído o monitor ou guía.

Locais ou establecementos comerciais: Non poderán superar o 50% da ocupación. **Deberán prestar un servizo de atención preferente ás persoas maiores de 75 anos e indicalo en lugar visible.**

Uso de espazos públicos: Límite 50% da súa ocupación, respectando para as actividades socioculturais de tipo grupal un máximo de 4 persoas, sexan ou non convivintes, e excluído o monitor ou guía.

Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil: Ao aire libre, máximo 50 participantes, excluídos monitores. En espazos pechados, non se deberá superar o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 25 participantes, excluídos os monitores.

Actividades e instalacións deportivas: Actividade física e deportiva non federada ao aire libre ata un máximo de catro persoas sexan ou non convivintes, excluído o monitor.

Instalacións e centros deportivos: Máximo catro persoas, sexan ou non convivintes, excluído o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o 50% da súa ocupación. Garantir a distancia de seguridade interpersonal.

Celebración de eventos deportivos, competicións con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos ou similares: Poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e sempre que se

garanta 1,5 metros de distancia mínima de seguridade nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas convivintes. Límite máximo de 60 persoas para lugares pechados e de 150 persoas actividades ao aire libre.

Velatorios, enterros e lugares de culto: Os velatorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas.

Límite máximo: 25 persoas en espazos ao aire libre e dez persoas en espazos pechados.

Límite máximo na comitiva de soterramento ou cremación: Máximo 25 persoas ademais do ministro de culto.

Asistencia a lugares de culto: 50% de ocupación.

Cerimonias nupciais e outras cerimonias relixiosas ou civís: Límite 100 persoas en espazos ao aire libre e 50 persoas en espazos pechados.

Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública: Non poderán superar o 50% dos postos habituais ou autorizados.

Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado: 50% de ocupación.

Hoteis, aloxamentos turísticos e albergues: 50% de ocupación. As actividades de animación ou clases grupais capacidade máxima de 4 persoas.

Centros de lecer Infantil: 50% da ocupación.

Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre: Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre, poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo, computable de superficie de recinto.

Agás os establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, perruquerías, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico, tinturerías e lavanderías.

Recomendacións:

-Persoas maiores de 75 anos, persoas vulnerables ao COVID-19 e as que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poidan ver agravadas polo uso da mascarilla ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización; que eviten as saídas en horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público.

-Uso obrigatorio de mascarillas en todas as circunstancias. Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga nos mesmos.

Santa Comba, 17 de decembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García